



(F\_TPS\_40)

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA PARA O ESTUDO, ANÁLISE E EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

### HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
18/09/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	263	14/11/2008
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015
11/10/2016	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	290	20/12/2016

### SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ [informatica@concellodemonforte.com](mailto:informatica@concellodemonforte.com) 🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>  
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

ARTIGO -1- DISPOSICIÓN XERAL	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS	3
ARTIGO -4- BASES E TARIFAS	3
ARTIGO -5- DEVEÑO	3
ARTIGO -6- BONIFICACIONES	4
ARTIGO -7- APROBACIÓN E VIXENCIA	4

## ARTIGO -1- DISPOSICIÓN XERAL

De acordo co que dispoñen os Artigos 20 a 27, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa para o estudo, análise e expedición de documentos

## ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida o de expedientes dos que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

Para estes efectos, entenderase a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou o beneficiario aínda que este non o solicitara

## ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente

## ARTIGO -4- BASES E TARIFAS

Son as seguintes:

URBANISMO	1	Certificado de información urbanística Licencias segregación / parcelación	35,01 €
	2	Licenza primeira ocupación de edificios e modificación de usos	
	a) b)	Edificios plurifamiliares Edificios unifamiliares	104,94 € 35,70 €
	3	Tramitación estudos detalle	140,49 €
		Para a tramitación das licenzas de primeira ocupación dos inmobles o Concello esixirá a acreditación da declaración catastral da nova construción.	
CATASTRO		Certificacións catastrais literais	
	1	Bens Inmobles:	4,56 € / documento + 4,56 € ben inmovle
	2	Bens Rústicos:	4,56 € / documento + 4,56 € parcelas
	3	Certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica	18,01 € / documento
		Cando as certificacións descritivas e gráficas incorporen, a petición do interesado, datos de outros inmobles - como por exemplo, lindeiros-, a contía incrementarase en 4,56 € por cada inmovle	
PERSOAL		Dereitos de exame	
		Grupo A1 ou persoal asimilado	28,31 €
		Grupo B ou persoal asimilado	22,02 €
		Grupo C2 ou persoal asimilado	15,73 €
		Grupo A2 ou persoal asimilado	25,16€
		Grupo C1 ou persoal asimilado	18,87€
		Agrupacións profesionais	9,44€

## ARTIGO -5- DEVENÑO

As taxas devéñase cando se realice a actividade administrativa de que se trate, non obstante, os suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar o depósito previo do seu importe no momento de formular a solicitude.

## ARTIGO -6- BONIFICACIONES

Establécese unha bonificación do 50% da cota nos supostos previstos no apartado Persoal - Dereitos de exame do artigo 4º para aqueles suxeitos que pertencen a unha familia numerosa.

Dita pertenza deberá xustificarse mediante achega dunha copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

## ARTIGO -7- APROBACIÓN E VIXENCIA

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 297 de 29 de decembro de 2006, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do día 18 de setembro de 2008 e publicada no BOP de Lugo núm. 263 de 14 de novembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015

Modificada provisionalmente polo Pleno de 11 de outubro de 2016, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 290 de 20 decembro de 2016

Monforte de Lemos, xaneiro 2017



O Alcalde, José Tomé Roca